



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados
Xaneiro 2020

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de xaneiro de 2020**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2019 e anteriores.


XANEIRO 2020

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	159.320	8,9%	276.486	10,6%	1,74	1,5%	26,16%	2,31
PENSIÓNS	20.159	2,9%	61.543	2,3%	3,05	-0,6%	15,71%	0,70
ESTAB. HOTELEIROS	179.479	8,2%	338.030	9,0%	1,88	0,7%	23,33%	1,94
APTOS. TURÍSTICOS	4.560	13,3%	15.348	55,4%	3,37	37,1%	14,87%	6,64
CÁMPINGS	207	91,7%	368	62,8%	1,78	-15,0%	2,92%	-4,14
TURISMO RURAL	4.047	-10,5%	6.052	-24,3%	1,50	-15,4%	4,77%	-0,93
ESTAB. EXTRAHOTEL.	8.814	1,8%	21.768	20,3%	2,47	18,1%	-	-
TOTAL	188.293	7,9%	359.798	9,6%	1,91	1,6%	-	-

- No pasado mes de xaneiro obsérvase un comportamento positivo da demanda turística regrada no conxunto da comunidade. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 7,9% e o volume de noites un 9,6% en relación ao mesmo período do anterior 2019.
- É o sexto ano consecutivo no que se rexistra un incremento da demanda turística en Galicia no mes de xaneiro, con subas de intensidade variable que marca o valor máis elevado en 2016 e agora en 2020. Esta dinámica sitúa o nivel final deste ano en preto de 360 mil noites, a cifra máis elevada dos últimos doce anos –hai que remontarse a xaneiro de 2008 para atopar unha cifra superior, de 383 mil noites neste caso-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é parella. Neste caso son tamén seis anos consecutivos de crecemento que sitúan o nivel final deste mes de xaneiro en máis de 188 mil viaxeiros, a cifra máis elevada da serie histórica.
- Sobe a demanda por vez primeira neste ano 2020 mais nunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase un crecemento continuado desde novembro de 2018 –coa excepción do mes de marzo do pasado ano por mor do efecto negativo do calendario coa celebración da Semana Santa-. Son, por tanto, catorce meses case consecutivos de crecemento da demanda en Galicia. O cómputo global corresponde a anos distintos mais fala dunha tendencia positiva que se estende desde a temporada baixa ata o verán incluíndo tamén meses de temporada media.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de xaneiro 2012-20




- Desde a óptica do volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na xeración de preto de 14 mil viaxeiros aloxados e de case 32 mil noites en comparación coas cifras de xaneiro de 2019.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento parello pero de menor intensidade. No conxunto de España a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 6,4% e o volume de noites un 2,7% en comparación co mes de xaneiro do pasado ano.
- Esta dinámica positiva global vén como consecuencia dos incrementos rexistrados en boa parte das comunidades autónomas. Son catorce as que conseguen superar as cifra do pasado ano se ben presentan notables diferenzas de intensidade. Neste grupo destacan Aragón, Cantabria e Asturias como os destinos máis dinámicos, isto é, os que presentan as taxas de crecemento máis elevadas –do 31,4% a primeira, do 28,5% a segunda e do 25,3% esta última-. Son comunidades localizadas no norte peninsular cun posicionamento importante no turismo de montaña e de neve.
- Rexistran tamén un incremento notable Baleares, Extremadura e Navarra, con subas por encima do 10% interanual. No lado contrario sitúase Castela A Mancha como o destino de crecemento menos intenso, levemente por encima do 2% interanual.
- Canarias mantense relativamente estable, isto é, rexistra un volume de demanda semellante ao do pasado ano aínda que nun sentido estrito presenta unha caída do 0,7%. Finalmente dous destinos amosan claramente caídas do volume de noites –a C. Valenciana e Murcia-, con descensos do 3,0% e 8,0% respectivamente.
- Neste contexto Galicia sitúase nunha posición intermedia, xustamente por detrás dos dous grupos máis dinámicos e por diante das restantes comunidades de comportamento positivo.
- Do lado dos viaxeiros aloxados o panorama é semellante. Neste caso son tamén catorce os destinos de comportamento positivo sendo igualmente Cantabria, Aragón e Asturias –por esta

orde- as comunidades de crecemento máis notorio e, do lado contrario, a C Valenciana, Murcia e Canarias os destinos de comportamento negativo –se ben con taxas de descenso moi suaves-.

- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a novena posición representando o 1,7% do total de España. Canarias é neste mes o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con preto de 8,1 millóns de pernoctacións –o 37,9% do total-. Lidera o ranking estatal novamente neste ano –igual que acontecera no primeiro cuadrimestre e no último trimestre de 2019-.
- Logo de Canarias sitúanse a continuación Andalucía –con preto de 3,1 millóns de pernoctacións, Cataluña –con case 2,6 millóns-, a C. Valenciana –con preto de 2,4 millóns- e Madrid –con preto de 2,1 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades agrupan ao 85% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.
- A continuación das anteriores e xa nun segundo grupo a distancia sitúanse, por esta orde, Castela e León –destino que absorbe o 2,4% do total estatal-, Aragón –co 2,3%- e País Vasco e Galicia –ambos co 1,7% do total estatal respectivamente-.
- En xaneiro o 94% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 77%- coma ás pensións –co 17% neste caso-. O 6% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 4,3% da demanda total-, aos cámpings –co 0,1%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 1,7% neste caso-.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Xaneiro 2020




- Esta estrutura corresponde obviamente a un mes de temporada baixa no que o peso do segmento hoteleiro supera o 90% do total e os cámpings reducen considerablemente o seu volume e peso no conxunto do total, con apenas o 0,1% da demanda neste caso –tal circunstancia xa acontecía nos primeiros meses do pasado ano e tamén no último trimestre-. Esta tipoloxía presenta, en esencia, un comportamento claramente estacional.
- En calquera caso, o comportamento global da demanda turística regrada neste mes de xaneiro vén unha vez máis moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros,

e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda –absorbe a máis de tres de cada catro noites no aloxamento regrado-.

- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento relativamente homoxéneo, con incrementos xeneralizados de diversa intensidade agás nos establecementos de turismo rural –única tipoloxía na que se rexistra un descenso da demanda, do 24,3% neste caso, provocado por unha caída da cifra de viaxeiros aloxados acompañada dun empeoramento da estadía media-.
- O volume de noites sobe un 10,6% nos hoteis, un 2,3% nas pensións, un 55,4% nos apartamentos turísticos e un 62,8% nos cámpings, motivado en todos os casos por incrementos parellos da cifra de viaxeiros aloxados favorecido ademais no caso dos apartamentos turísticos por melloras da estadía media. O crecemento da demanda nos cámpings é pouco ou nada significativo por canto afecta a un volume moi baixo de noites –en realidade supón a xeración de pouco máis de 140 novas pernoctacións en comparación co dato de xaneiro de 2019-.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Xaneiro 2020/19, por tipoloxías




- En termos globais obsérvase un incremento da demanda no ámbito hoteleiro do 9,0% -que supón a xeración de preto de 28 mil novas pernoctacións en comparación coa cifra do pasado ano- e tamén no ámbito extrahoteleiro –do 20,3% neste caso, que en termos de volume supón a xeración de preto de catro mil noites-. A maior parte desta suba localízase nos apartamentos turísticos.
- Dentro do segmento hoteleiro obsérvase un comportamento positivo xeneralizado, con incrementos da demanda en todas as categorías se ben con intensidade e casuística variada.
- O crecemento máis notorio en termos relativos concéntrase nos hoteis dunha estrela, segmento no que o volume de noites sobe un 20,7% como consecuencia dun incremento parello da cifra de viaxeiros aloxados. Os niveis de demanda soben tamén de forma importante no segmento de maior categoría –hoteis de catro e cinco estrelas, cun crecemento do 11,3%- e nos hoteis de

dúas estrelas –cunha suba do 12,9% neste caso-, en ambos casos igualmente por crecementos parellos da cifra de viaxeiros aloxados.

- No ámbito dos hoteis son os de tres estrelas os que presentan o crecemento máis moderado, do 1,4% neste caso.
- No lado das pensións o comportamento da demanda é tamén positivo aínda que de baixa intensidade. Sobe o volume de noites un 3,1% naquelas de tres e dúas estrelas –grazas a un incremento do 5,3% na cifra de viaxeiros aloxados- e un 1,0% nas pensións dunha estrela –por mor dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros cae un 1,5%-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Xaneiro 2020




- Neste mes de xaneiro o 82% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 18% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e aseméllanse ás rexistradas do lado dos viaxeiros aloxados –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 84% e o do internacional no 16%-.
- Esta distribución é propia dun mes de temporada baixa no que o peso do turismo nacional fica por encima do 80% do total –quedando o internacional por debaixo do 20%- , igual que acontecía nos últimos meses do pasado ano, por exemplo.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo neste mes de xaneiro, con variacións parellas de intensidade.
- O turismo de ámbito nacional increméntase un 9,8% como consecuencia dunha suba da cifra de viaxeiros aloxados, do 7,1%, apoiada por certa mellora da estadía media. É o quinto ano consecutivo no que mellora o nivel de demanda nacional en Galicia neste primeiro mes, circunstancia que eleva a cifra final deste ano a máis de 295 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos doce anos- Hai que remontarse ao mes de xaneiro de 2008 para atopar un dato superior.
- O turismo internacional presenta igualmente un comportamento positivo cun crecemento global do 12,5% na cifra de viaxeiros estranxeiros e do 8,9% no volume de noites. Neste caso son seis

os anos consecutivos de crecemento do mercado internacional en Galicia neste mes de xaneiro, circunstancia que eleva a cifra final deste ano a máximos históricos con preto de 65 mil noites.

- En termos de viaxeiros aloxados o mercado internacional rexistra neste mes preto de 31 mil no conxunto do aloxamento regrado, tamén a cifra máis elevada da serie histórica.


Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Xaneiro 2020/19



- Tal como se comentou anteriormente o turismo internacional representa neste mes o 18% do total da demanda, cifra que practicamente equivale á rexistrada no pasado ano e supera as cifras de toda a serie anterior. Estabilízase, por tanto, coa cuota máis elevada da serie histórica nun mes de xaneiro.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado mantense a grandes trazos en relación ás dúas grandes tipoloxías de aloxamento. O turismo de ámbito estatal incrementase no segmento hoteleiro –un 9,4%– así como no ámbito extrahoteleiro –un 15,8% neste caso–. O turismo internacional sobe tamén nas dúas grandes modalidades consideradas: un 7,2% no segmento hoteleiro e un 52,0% no conxunto da oferta extrahoteleira. As dinámicas de ambos segmentos de mercado son, por tanto, homoxéneas en relación as dúas grandes modalidades de aloxamento.
- Máis polo miúdo obsérvase que o comportamento dos dous segmentos de mercado varía levemente en relación coas tipoloxías e segmentos da oferta regrada. O mercado nacional rexistra unha dinámica positiva en todas as tipoloxías e segmentos da oferta hoteleira, con subas de diversa intensidade –máis acusada nos hoteis dunha estrela e menos intensa naqueles de tres estrelas–. Presenta tamén un comportamento positivo nos apartamentos turísticos e nos cámpings, máis descende no ámbito do turismo rural –un 24,3% neste caso–.
- O mercado internacional amosa en cambio un comportamento máis dispar e variable. Sobe e mellora en todas as categorías dos hoteis –con especial intensidade naqueles de unha e dúas estrelas– así como nos apartamentos turísticos e nos cámpings. Descende en cambio nas pensións –tanto no segmento de tres e dúas estrelas como nas de unha estrela– así como no ámbito do turismo rural –na mesma proporción que o mercado nacional–.


- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en pouco máis de 1,9 noites, cifra que supera nun 1,6% o dato do pasado ano 2019. É o cuarto ano consecutivo no que se rexistra un incremento da estadía media en Galicia no mes de xaneiro, con subas de baixa intensidade que en todo caso permitiron gañar unha décima neste período e pasar de 1,8 noites en xaneiro de 2016 a 1,9 noites agora en 2020.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Xaneiro 2020



- Neste mes as estadias máis elevadas localízanse nas pensións e nos apartamentos turísticos –con 3,1 e 3,4 noites respectivamente-. A distancia das anteriores sitúanse as restantes tres modalidades, con preto de 1,8 noites nos cámpings, con algo máis de 1,7 noites nos hoteis e con 1,5 noites nos establecementos de turismo rural.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar nas diferentes tipoloxías. Neste sentido sobe e mellora especialmente nos apartamentos turísticos –onde se supera nun 37% o dato do pasado ano-, e nos hoteis –cunha suba máis moderada, do 1,5% neste caso-. A estadía media mantense estable nas pensións e descende nos cámpings e nos establecementos de turismo rural –entorno a un 15% en ambas-.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición baixa en relación ás restantes comunidades autónomas. Canarias, con 8,0 noites de media, marca o valor máis elevado neste mes de xaneiro. No lado contrario son Estremadura e A Rioxa os destinos que presentan a cifra máis baixa, con menos de 1,7 noites.
- En termos dinámicos a estadía media descende na maior parte das comunidades autónomas –once en particular- sendo Murcia o destino que rexistra a caída de maior intensidade, cun 7,6%. A estadía media sobe en catro destinos –con Baleares marcando a suba máis destacada, cun 5,9%- e mantense estable en dous –Canarias e Madrid-.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Xaneiro 2020



- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica cambia levemente. Neste caso sobe e mellora en tres tipoloxías –en máis de dous puntos nos hotéis, en preto dun punto nas pensións e en case sete puntos nos apartamentos turísticos-. Todas as subas veñen como consecuencia de crecementos da demanda, do volume de noites.
- A excepción ao comportamento anterior vén da man dos cámpings, modalidade na que o nivel de ocupación cae en catro puntos por mor dun incremento da oferta dispoñible superior ao da demanda, e nos establecementos de turismo rural –tipoloxía na que descende nun punto como consecuencia da caída da demanda nun contexto de axuste parcial da oferta dispoñible-.
- Os hotéis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 26,2% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings –cun 2,9% neste caso-.